

Arqueólogo

A arqueoloxía é a ciencia que estuda as civilizacións antigas e a súa cultura, a través da arte, monumentos, etc. A partir do estudo dos restos conservados, a arqueoloxía trata de comprender e de explicar os diversos modos de vida dos nosos antepasados.

Xosé María Álvarez Blázquez foi tamén un especialista en arqueoloxía castrexa. Moitos dos fondos que se atopan actualmente no museo Quiñones de León de Vigo son froito dos seus achados, desde un rico conxunto de estelas funerarias romanas (placas funerarias de pedra) descubertas por el nunha rúa de Vigo, ata distintos restos correspondentes á Idade de Bronce e ao Paleolítico e que proceden das Gándaras de Budiño e do Baixo Miño.

A súa vocación investigadora e o seu extenso saber erudito ao redor da arqueoloxía permítelle desenvolver un gran labor como divulgador, ora participando en congresos especializados no estudo dos achados arqueolóxicos, ora dando á luz unha importante literatura de investigación.

Xosé María Álvarez Blázquez dirixiu tamén en 1952 os primeiros traballos de escavación do castro de Vigo.

Os máis de 4.000 castros espallados por toda Galicia son o vestixio de crenzas que deixaron pegada nos nosos costumes, tradicións e símbolos. Entre os mellor conservados están o castro de Borneiro (A Cidá), o de Viladonga en Lugo, o de Santa Tegra na Guarda, o de San Cibrao de Lás e o de Baroña.

Os seus habitantes eran os celtas que foron abandonando os castros despois da dominación romana. Cando marcharon os seus poboadores, quedaron os seres míticos galaicos que os habitan segundo a tradición popular: fadas, mouros...

Asociadas aos castros, hai moitas lendas que se transmitiron por medio da tradición oral, historias que foron pasando de pais a fillos ata os nosos días.

unha nena que andaba gardando ovellas atopou unha señora que, ao seu lado, tiña unha galiña con seis ou oito pitiños, que lle dixo:

—vaí para a casa e dille á túa nai que che faga un pan sen sal. Se fas iso como cho pido, cando me entregues o corolo, esta galiña e estes políños converteranse en ouro e serán para tí.

A nena, medio asustada, sen perder tempo foi á súa casa e díxolle á nai que lle fixera un corolo sen sal. Pero a nai preguntoulle para quen o quería, e díxolle que non lle fora con traballos nín toleadas, pois o pan sen sal sabe mal. A nena insistiu e a nai fíxose forte, ata que a nena tivo que lle dicir a verdade.

Entón, esa noite, a nai, que nese momento estaba amasando pan para a casa, da mesma masa fíxolle un corolo, meteuno no forno e tan pronto como estivo cocido deullo á nena, que saíu correndo cara ao lugar onde se encontraba aquela señora descoñecida.

Cando chegou ao lugar onde se atopaba aquel gran tesouro, díxolle a señora:

—Canto o sinto, botaches a perder todo; non fixeches o que che mandei.

E nese intre ela e máis o tesouro escaparon da vista da nena.

"Lenda do Castro Martiño", recollida en *Galicia de Lenda*, de Francisco Rodríguez Iglesias